

STEFAN ZWEIG: ADEUS A EUROPA

[Maria Schrader, 2016]

224

ESTREA EN NUMAX: 21.04.2017 | v.o.s.e. | +7

Stefan Zweig: Farewell to Europe (2016, 106')

Dirección: Maria Schrader

Guión: Maria Schrader, Jan Schomburg

Elenco: Tómas Lemarquis, Barbara Sukowa, Nicolau Breyner, Charly Hübner, Lenn Kudrjawizki, Ivan Shvedoff, Josef Hader, Harvey Friedman

Son: Kai Tebbel

Vestuario: Jürgen Döring

Montaxe: Hansjörg Weißbrich

Dirección de arte: Susanne Abel

Fotografía: Wolfgang Thaler

Música: Tobias Wagner

Produtoras: Dor Film (Austria), X Filme Creative Pool (Alemaña), Idéale Audience, Maha Productions (Francia)

Distribuidora: Caramel

Formato de proxección: DCP2K, 2.39:1

FILMOGRAFÍA

Liebesleben, 2007

La jirafa, 1998 [con Dani Levy]

SINOPSE

Biopic sobre o intelectual austríaco Stefan Zweig, centrado nos anos de exilio do famoso escritor e activista social. Zweig foi un dos personaxes máis irrepitíbeis do século xx. Como xudeu viuse obrigado a fuxir do seu país debido ao réxime nazi. Na súa fuxida cara a diante, refuxiouse en París primeiro e, máis tarde, en Londres, pero Zweig acabou fuxindo de Europa canda a súa muller a Sudamérica.

«Na longa noite de Zweig hai unha poderosa voz contra a barbarie»

Paula Arantzazu Ruíz, CINEMANÍA

PREMIOS E FESTIVAIS

Premios Bavarian Films 2017 (mellor dirección), Premios do Cinema Austríaco 2017 (mellor maquillaxe), Premios do Cinema Alemán 2017 (nomeado a mellor dirección e mellor actriz de reparto —Barbara Sukowa—).



STEFAN ZWEIG: ADEUS A EUROPA

[Maria Schrader, 2016]

EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

“Zweig era un mestre do matiz, evitaba escoller entre o branco e o negro”

Entrevista con Maria Schrader

Por Jose Solis

Stefan Zweig: Adeus a Europa é a clase de filme que precisamos ver máis ca nunca! Cando o fixeches inspiráche no ascenso da extrema dereita europea?

Non, a idea vén de máis lonxe, en concreto de 2011, o coguionista, os produtores e máis eu sabiamos que as historias sobre o éxodo e a radicalización gardan sempre vixencia pois se repiten unha e outra vez ao longo da Historia. Mais non contabamos coa situación que enfrontamos arestora. Rematamos de rodar no verán de 2015 e ao pouco chegou a crise dos refuxiados vindo a Europa que, dalgún xeito, é o mesmo que sucedeu hai 70 anos, cando millóns de europeos deixaron o continente. Agora Europa semella ofrecer esperanza a moita xente, que quere cruzar o Mediterráneo. Non se poden predicir cousas coma esta.

Hai unha escena na que ouvimos a todos os grandes pensadores que deixaron Europa durante o nazismo, xente como Thomas Mann, Bertolt Brecht, Albert Einstein e Zweig, por suposto. Cales cres que son

os equivalentes contemporáneos a aqueles pensadores? Coido que temos pensadores contemporáneos importantes, intelectuais que se criaron en Austria cando todo a opción que había eran a dereita e os verdes. Moitos dos escritores que nomeas foron acusados no seu tempo de non escribir sobre o que estaba a pasar, de agocharse tras as súas novelas. Unha das grandes voces que sigo hoxe en día é Slavoj Žižek.

No filme a xente pide a Zweig a súa opinión. Como artista consideras que ás veces o público esixe de máis? Coidas que estades obrigados a compartir as vosas opcións políticas?

Non creo que sexa unha obriga e hai unha chea de maneiras para facelo. Zweig non era apolítico, a xente coñecía a súa postura, mais negábase a ser agresivo nas súas ideas e era un mestre do matiz, evitando sempre ter que escoller entre o branco e o negro. Considero cuestionábel que se negase a condenar a Alemaña de Hitler, pero ao mesmo tempo no filme mostro algunhas declaracións del das que apenas se ouviu falar. O traballo de Zweig é moi político e o impacto de libros como *Novela de ajedrez* foi medrando co paso do tempo. Gústame a xente que se nega a reducir a súa ideoloxía a proclamas de un ou dous minutos, precisamos xente que resista esta tentación e olle as cousas en toda a súa complexidade.

O teu guión é tamén moi sutil, dálle a Josef Hader a oportunidade de atopar o seu personaxe en momentos

de silencio máis ca en tempos de fala. Trátase dunha actuación moi calma pero que se fai sentir moi alto. Como foi actuar con el? É fermoso que fagas estes comentarios, emocionanme realmente. Josef Hader é unha superestrela en Austria, un comediante realmente popular. Ten unha lingua afiada, irónica, brillante e divertida, sen perder o seu rigor intelectual. Comezou escribindo guiños en filmes nos que encarna o mesmo tipo de persoa que interpreta no escenario, así que cando decidiu involucrarse no proxecto foi unha gran sorpresa. Por exemplo, nunca interpretara con vestimentas de época. É tan popular en Austria que o personaxe funciona aquí como un encontro entre Zweig e Hader, figuras prominentes de diferentes séculos. Foi como un golpe de efecto, moita xente nunca pensou que el puidera ser quen de facelo, mais o filme foi bastante exitoso. Alégrome que fora quen de participar na película porque así evitaba calquera posibilidade de caer na idea do biopic, sabía que Josef nos ía dar o que precisabamos para facer do filme un encontro entre intelectuais. Josef díxome que adoitaba dicir que non a proxectos sobre os que non tivese ningún control, mais tamén entendeu desde un inicio o sentido que eu quería darlle ao filme. Falamos, lemos moito e fixemos a nosa propia pescuda. Repasamos o guión durante semanas, recibiu clases de francés e español e comezamos a avanzar no proceso.

Publicado en <http://thefilmexperience.net/>
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

El mundo de ayer, Stefan Zweig. Acantilado, 2012

El legado de Europa, S. Zweig. Acantilado, 2003

Momentos estelares de la humanidad, S. Zweig. Acantilado, 2012

Destellos de vida, S. Zweig. Papel de Liar, 2009

Una vida de Stefan Zweig, Jean-Jacques Lafaye. Alrevés, 2009

Las tres vidas de Stefan Zweig, Oliver Matuschek. Papel de Liar, 2009

El exilio imposible, George Prochnik. Ariel, 2014

Brasil, el país del futuro, S. Zweig. Capitan Swing

La lucha contra el demonio, S. Zweig. Acantilado, 1999

La curación del espíritu, S. Zweig. Acantilado, 2006

Carta de una desconocida, S. Zweig. Acantilado, 2002

Confusión de sentimientos, S. Zweig. Acantilado, 2014

De viaje II - Francia, España, Argelia e Italia, Stefan Zweig. Sequitur, 2015

Novelas, S. Zweig. Acantilado

Novela de ajedrez, S. Zweig. Acantilado, 2013

